

# O desastre de 1898 e os escritores galegos

Discurso lido o día 27 de maio  
de 1978 no acto da súa recepción,  
polo excelentísimo señor don

**Carlos Casares Mouriño**

e resposta do excelentísimo señor don

**Francisco Fernández del Riego**



REAL ACADEMIA GALEGA





**O desastre de 1898**  
**e os escritores galegos**

O solemne acto académico  
no que foron lidos os dous  
discursos recolleitos no  
presente volume celebrouse  
o 27 de maio de 1978  
no Instituto Feminino de  
Ourense.

A presente edición elaborouse a partir  
dos manuscritos orixinais custodiados  
no arquivo da Real Academia Galega.

Edita  
Real Academia Galega

© Real Academia Galega, 2015

Deseño da colección  
Grupo Revisión Deseño

# O desastre de 1898 e os escritores galegos



REAL ACADEMIA GALEGA

A Coruña 2015



Discurso do excelentísimo señor don  
**Carlos Casares Mouriño**







## Señores Académicos:

Quixera que estas miñas primeiras palabras de agradecemento por me ter acollido no seo desta ilustre Corporación foran capaces de trascender as fronteiras do tópico e do protocolo. Para eso non conto con outros medios que recordarvos a viva conciencia que poseo das miñas limitacións, neste caso agrandadas ademáis polos meus poucos anos e a escasa madurez dunha obra que está aínda nos seus comenzos. Se pese a todo me concedéstedes a honra de chamarme cabo de vós, foi máis pola vosa xenerosidade que polos meus merecementos. De tódolos xeitos quixera igualmente decirvos que acepto con ledicia a vosa decisión, non só pola satisfacción persoal que me dá o saber que conto coa vosa confianza, senón porque non ignoro que coa miña incorporación ás tarefas académicas premiadas en certo xeito o labor entusiasmado, cheo de sacrificios e en moitas ocasións doloroso, das primeiras xeneracións que despois da guerra civil recolleron, para transmitir algún día, os froitos que moitos de vós e dos vosos antecesores tan xenerosamente sementárades.

Se algo embaza a natural satisfacción que nestes momentos sinto, é a lembranza de don Xesús Ferro Couselo, o home de ben e sabio distinguido a quen teño o honor de suceder. Aquel galego bo, coa amizade do cal me gabéi dende que o conocera nos pasillos deste mesmo Instituto que hoxe nos acolle e no que el foi profesor, deixóunos para sempre cando aínda podíamos agardar moito do seu entusiasmo e do seu saber. Don Xesús Ferro Couselo nacera en 1906 nas terras de Iria, na aldea de Cordeiro, cáseque ao carón, como el gostaba de decir, da casa de Rosalía de Castro. Estudou a carreira eclesiástica, que non chegou a rematar, na Universidade Pontificia de Santiago. Na mesma cidade e na súa Universidade Literaria licenciouse despois en Filosofía e Letras. Cando estalou a guerra civil preparaba oposicións a unha cátedra de Instituto, que polas circunstancias que entón se deron non poido levar a cabo. Despois da contenda ingresou no corpo de Arqueiros, Bibliotecarios e Arqueólogos, sendo destinado a esta cidade de Ourense. Aquí creou o Arquivo Histórico Provincial, no que conseguiu xuntar unha importantísima documentación hastra entón

desconocida e dispersa. Foi promotor destacado do Museo Arqueolóxico Provincial, do que sería nomeado en 1962. En calidade de tal dirixiu a revista de aquela entidade e máis tarde o *Boletín Auriense*, que el fundara cun grupo de amigos. Investigador incansable, fixo pescudas nos arquivos de Lisboa, Braga, O Porto, Simancas, no Histórico Nacional e no de Indias, ademáis de tódolos de Galicia, tarefa que combinou cos seus traballos no campo da Arqueoloxía. Froito deste dobre labor é a súa obra científica, na que ademáis dos moitos e importantes traballos publicados en revistas, hai que destacar a súa tese doctoral sobre os *Petroglifos de término* e a recolleita documental titulada *A vida e a fala dos nosos devanceiros*, nos dous primeiros volumes da cal se inclúen máis de seiscentos documentos redactados en galego dos séculos XIII, XIV e XV. A morte non lle deu tempo para rematar o resto dos volumes que proxectara.

Unha parte importante da obra de Xesús Ferro Couselo realizouse dun xeito calado, cáseque anónimo, en silencio, sempre animada polo espírito insobornable de aquel home adicado por enteiro ao seu país, ao que lle rendeu servicios de valor incalculable. Continualos en eidos diferentes dos por el cultivados, e con menos sabiduría, pero con igual amor á terra e entusiasmo semellante, é o meu propósito, para o cal sei que conto dende agora co voso estímulo inapreciable.

## O “DESASTRE” DE 1898 E OS ESCRITORES GALEGOS

Con lixeiras diferencias de matiz, a historiografía española no seu conxunto acepta o feito de que o chamado “Desastre” de 1898 supuxo un violento abalón na adormecida conciencia dos españoles de fins de século. A magnitude da desfeita, agrandada ademáis polo inxustificado estado de optimismo colectivo que precedeu ás hostilidades cos Estados Unidos, iluminou con claridade a situación real do país. Foi como se tódolos males da España da Restauración, hastra entón ocultos por unha irresponsabilidade cega, explotaran de súpeto. A pobreza, o caciquismo, a intolerancia, a incultura, o despotismo ministerial, o centralismo, saíron como das tebras para dar forma ao que daquela se deu en chamar “o problema nacional”. Os intelectuales denunciaron o estado de cousas e propuxeron solucións. Ramiro de Maeztu publicou en 1898 o seu ensaio titulado *Hacia otra España*. Do mesmo ano é *El problema nacional* de Macías Picavea. E a eles seguiron *Del desastre nacional y sus causas* de Damián Isern; *La moral de la derrota* de Luís Morote; *¿Nos regeneramos?* de Alberto Cologan; *¿El pueblo español ha muerto?* de Enrique D. Madrazo; *Los desastres y la regeneración de España* de J. Rodríguez Martínez, e moitos máis.

Naturalmente que o 98 tivo tamén a súa lóxica repercusión en Galicia, se ben a falta de estudos ao respecto non nos permiten aínda tirar conclusións sobre a verdadeira significación que aqueles feitos acadaron entre nós. Como todo o mundo sabe, daquela existía unha íntima relación entre Galicia e Cuba, lugar de destino de multitude de emigrantes galegos, moitos dos cales viviron os acontecementos ben de perto. Os intereses de algúns deles foron afectados pola insurrección cubana de 1895. Non poucos morreron, vítimas de enfermidades, durante a contenda, e algúns máis pereceron no transcurso da guerra, como os mariñeiros e a tripulación do “Vizcaya”, todos galegos, que sucumbiron ao ataque da marina norteamericana na batalla da badía de Santiago. Finalmente unha boa grea deles foron engrosar a multitude desesperada e tráxica dos repatriados. Toda esta amarga realidade tivo a súa repercusión na literatura galega e algúns escritores deixaron testimonios que polo seu interés recolleemos hoxe aquí, coa esperanza de chamar a atención sobre unha pequena parcela da nosa historia que está completamente desasistida.

Para dar comenzo, e como non podía ser menos, empezaremos falando de Manuel Curros Enríquez. Polas circunstancias da súa vida, o poeta de Celanova estivo no centro dos acontecementos e as súas palabras son por eso especialmente valiosas. Chegou a Cuba en marzo de 1894, poucos días despois de iniciarse o movemento independentista. Como republicano federal que era, dende o principio defendeu a tese dunha autonomía xenerosa para as illas. En maio de aquel mesmo ano publica un artigo en castelán no periódico *Tierra Gallega*, que el dirixía dende a súa fundación, no que entre outras cousas di:

A España moderna, que aboliu a escravitude e o privilexio, non pode sin desprestixio da súa dignidade e sin declararse partidaria dunha tradición inícuca, manter por máis tempo como en minoridade e tutela, a unha das súas máis ricas provincias; era natural que xurdise, como xurdíu, o desexo de elevar a condición dos habitantes de Cuba ao nivel das demais rexións de España, concedéndolles ademáis aquela autonomía municipal e provincial que hoxe reclaman tódalas provincias como unha lexítima defensa contra a crecente centralización, que todo o esteriliza e que ninguén como este país necesita, dada a situación xeográfica que ocupa, separado por máis de 1600 leguas da Metrópoli.

Por suposto que semellante actitude valéulle as críticas e as incompreensións que son de imaxinar. Os unionistas do Partido Español en Cuba facían súa aquela frase de Romero Robledo de que “Autonomía y separatismo son sinónimos”, argumentando que a longo termo a autonomía cubana desembocaría na creación dun estado independente. Con pequenas excepcións ese era tamén o pensamento dos políticos españoles, que por idénticos motivos se opuxeron teimudamente nas Cortes á concesión do Estatuto que pedían os deputados do Partido Autonomista Cubano.

Máis alá das suspicacias e das acusacións que nun ambiente tenso como aquél se podían formular, a actitude de Curros en relación co problema cubano era dunha transparencia incuestionable. Respondendo aos ataques dos unionistas, que o acusaban de se sumar ás reivindicacións dos rebeldes, escribe:

Sí, pedimos liberdade para Cuba á nai España, porque tamén lla pedimos para Galicia; e se habíamos facer do deber un imperativo categórico; se a nosa conducta había de axustarse a un criterio de xusticia, procedía que non quixéramos para outro o que no queríamos para nós mesmos. Pedimos liberdades para Cuba, en fin, porque a falla desas liberdades podía contribuír a alentar nas súas empresas ao separatismo, igual que os abusos do antigo réxime alimentaran tódalas intentonas, dende a de López

hastra a de Céspedes, e a Historia ensínanos a comenencia de prevenir eses feitos, quitándolles o pretexto que podía producilos.

A progresiva intervención dos Estados Unidos na guerra hispano-cubana díctalle palabras de gran dureza para aquel país. Nun artigo titulado “Perfidia yanqui”, aparecido en *Tierra Gallega* o ano 1896, chámalle “nación mercachifle”. En outra ocasión di que os senadores americanos “no servirían en España para Secretarios de Ayuntamiento rurales”. E en 1896, cando os Estados Unidos entran xa practicamente dun modo aberto a axudar aos rebeldes, Curros escribe o seu célebre poema titulado “En corso”:

Mariñeiros da Marola,  
de illas Cíes e do Orzán,  
remendade ben as velas,  
daille sebo ás cordas xa;  
reparade as vellas redes,  
os coitelos afiái  
i aprestaivos, mariñeiros,  
pola patria a mariñar

Dende o Norte Americano  
chega á España occidental,  
de ignominias e de aldraxes  
unha negra tempestad,  
e nas olas que levanta  
i a Galicia van parar,  
¡cuspos flotan de desprecio  
para vós e vos a nai!

Mariñeiros da Marola,  
de illas Cíes e do Orzán,  
non seredes mariñeiros  
si temedes hoxe ó mar;  
unha forca en cada verga,  
na cintura un bon puñal,  
no temón un brazo forte  
i a bogar, bogar, bogar...

Mariñeiros da Marola,  
de illas Cíes e do Orzán,  
grande pesca vos agarda,  
si sabedes ben pescar;  
unha lancha de centollas

vinte e cinco pesos val,  
un cargamento de *yankees*  
valvos... ¡a inmortalidá!

E na mesma revista, no mes de outubro de 1897 aparece un dos poemas que a insurrección cubana e as súas circunstancias inspiraron a Eduardo Pondal. Trátase dun soneto dedicado ao célebre xeneral don Valeriano Weyler, que en xaneiro de 1896 fora enviado a Cuba para substituír a Martínez Campos, as ideas liberais do cal fracasaran na loita contra os independentistas. Os exércitos de Gómez e Maceo conseguiran xuntarse no Oeste e hostigaban continuamente os centros urbanos, sin que se librara dos ataques a mesma capital do país. Diante destas circunstancias, o artífice militar da Restauración pensaba que quizáis con métodos máis drásticos que os que el empregaba se podían obter maiores éxitos, pero personalmente non estaba disposto a aplicalos.

Aplicóunos en cambio sin escrúpulos Valeriano Weyler, a quen se ten polo pai dos campos de concentración. Coas súas famosas medidas punitivas, que irritaron profundamente aos americanos, logrou facer recuar aos rebeldes e alcanzou o obxectivo que el estimaba máis importante, e que consistía na eliminación física de Maceo, dada a gran ascendencia que o caudillo independentista tiña sobre os negros. En xullo de 1897 os liberais, por medio dunha intervención pública de Moret, anunciaron a súa tardía conversión á autonomía e a opinión pública seguínos masivamente. Un mes despois morría asesinado Cánovas. En outubro subía ao poder Sagasta e no Consello de Ministros que se celebra o día 6 de aquel mes plantexa a destitución de Weyler. O soneto de Pondal, publicado o día 10, está indudablemente inspirado naqueles feitos. Di así:

Muitos que ás túas ordes pelearon  
e as súas roxas faixas te deberon,  
en cuanto os sumos grados atinxeron  
polos pátridos eidos suspiraron.

A algúns, brandos aspectos acuciaron  
do seu deixado lar, e esmoreceron;  
outros e uns lindos ollos se renderon:  
todos á doce patria retornaron.


Tan só ti, Weyler forte, non tornastes  
da dura luita e militar desterro,  
e o vasto incendio, intrépido afrontastes.

E contra a túa obra alta e sin erro,  
e contra a nobre gloria que alcanzastes  
nada podrán envidia e fogo e ferro.

A partir da destitución de Valeriano Weyler precipítanse os acontecementos. Concédese por fin aos cubanos a tan arelada autonomía, pro xa é tarde. O 15 de febreiro de 1898 ten lugar a voladura do *Maine* no porto da Habana. É o pretexto para a intervención directa que estaban buscando os Estados Unidos, que o 23 de abril, despois dunha serie de notas diplomáticas amenazantes, envían un ultimatum ao goberno español. É a guerra. En toda España se ergue un clamor xeneralizado de raiba, de estupor e de indignación. Unha retórica patrioteira tan irresponsable como ineficaz, trata de suplir con xestos grandilocuentes e con palabras solemnes a magoante carencia de medios, tanto militares como diplomáticos, para facer frente á situación. En Galicia, como no resto de España, ao calor das emocións do momento, organízanse mítines triunfalistas, faise unha pintoresca colecta para mercar un acorazado, cántanse cancións de guerra polas rúas e sobre todo escríbense artigos e poemas. A proverbial e tan cacareada valentía dos españoles, que facía pensar ao entón neno Ramón Otero Pedrayo no incompreensible que resultaba que un pobo tan valente perdera a guerra de aquel xeito tan estrepitoso, pese a delicada previsión do seu pai de lle ir dosificando a noticia a base de comunicarlle a perda da flota a contagotas, como se a desfeita ocorrira dun xeito espaciado e lento; esa valentía, digo, inflama as proclamas e somentes cede en intensidade perante o sentemento de xenreira que inspiran o presidente MacKinley e o pobo norteamericano.

O día 24 de abril, o periódico *El Eco de Galicia*, semanario de Ciencia, Arte e Literatura, que dirixe en Cuba o periodista Waldo A. Insua, inserta na súa primeira páxina unha serie de soltos en contra do presidente americano, entre os que se inclúe o texto latino da famosa fábula XXIII de Fedro sobre o parto dos montes, coa correspondente tradución ao galego: “Quería parir un monte e daba tales berros que ensordecía ao mundo. A espeutación era inmensa. Ó fin paréu un ratiño”. E como epifonema incluía a seguinte recomendación para MacKinley: “Non se diga, meu señor MacKinley, que na súa chouza bérrase moito para logo saír didindo: «Estaba catando pulgas»”.

Pola súa parte os rexionalistas da *Liga Gallega*, que hastra entón mantiveran unha aceirada actitude crítica fronte ao réxime da Restauración pola súa política de abandono de Galicia, deciden facer unha tregua. O día 1 de maio, a *Revista Gallega*, órgano de expresión de aquela entidade, publica un editorial en castelán no que entre outras cousas di:



Hoxe non é día de falar de rexionalismo. Hoxe só debemos pensar nos peligros que amenazan á patria común. [...] As diferencias políticas, os distintos criterios, os preitos de familia suspéndense mentras non se resolve o preito magno, o preito inxusto e brutal que un pobo sin historia, un pobo ingrato, grande somentes pola riqueza, nos ten prantexado no terreo das armas ao outro lado do Atlántico. Cando ese preito remate [...] seguiremos cos nosos propósitos no camiño emprendido. Entón volveremos ser cataláns, galegos, vascos, valenciáns, andaluces, casteláns...

Tal como era de agardar, os poetas non permaneceron ao marxe do estado de opinión do país. Como os editorialistas da *Revista Gallega*, que probablemente interpretaban o pensamento da maioría da intelectualidade galega perante o conflito, os poetas manifestaron por un lado o seu españolismo e por outro os seus sentementos antiamericanos. Conócense algunhas cartas de Eduardo Pondal á súa irmá Xosefa, datadas entre o 24 de maio de 1898 e o 31 de xaneiro do 1899, nas que aparece clara a posición do bardo. Nelas fala da “terrible contienda” e non escapa ao triunfalismo que se respiraba no ambiente cando aínda reconecendo a superioridade americana en homes e armas, confía no esforzo, no dereito e na Providencia para unha victoria que non lle semella imposible. Nos días que antecederon á guerra escribiu un poema en francés, no que basándose na ameaza americana e tendo en conta os intereses de españoles e franceses na mesma zona do Caribe, propón unha alianza franco-española de cara ao combate inminente. A tradución de dito poema di así:

AOS FRANCESES

E qué...! Soñando novos voos  
do Mississippi, cheo de perfidia,  
a vós, franceses, a vós, españoles  
o pesado aligador vos desafia.

A doce e belida Martinica  
teme o bico dos bucaneros  
e a súa irmá pura e máxica  
sobresáltase dos seus bosques de palmeiras.

Franceses, ¿qué é o que escoitamos?  
Franceses, ¿qué é que vós escoitades?  
Si chega a hora de porse en marcha, andemos,  
andade, franceses, conosco andade.

Outro poeta, Manuel Lugo Freire, que co tempo chegaría a ser presidente da Real Academia Galega, participou tamén cos seus versos na campaña.



Lugrís tiña unha estreita relación sentimental con Cuba. En 1883, cando contaba vinte anos de idade, emigrara a aquel país, onde exercéu como tenedor de libros. Alí fundou o periódico *A gaita gallega*, o primeiro escrito íntegramente en galego dos que se publicarían logo en América e que tivo catro anos de vida. En 1894 deu á imprenta, na Habana, o seu libro de versos *Soidades*, prologado por Curros Enríquez, e dous anos despois, en plena guerra da independencia cubana, regresou a Galicia, establecéndose na Coruña. Alí firmaría o 28 de abril de 1896 o poema titulado “A loitar”, escrito no alporizado tono común á literatura que estamos comentando:

Gallegos, temos guerra  
cun pobo de piratas;  
cun pobo que se esquece  
que eisiste a nobre raza  
que ten do celta o empuxe,  
do suevo a forza brava,  
e sempre da vitoria  
loureiros deu a España...  
¡Gallegos, afiade eses coitelos  
para matar canallas!

A protección dos yanquis  
aos cafres das sabanas  
custóunos moito sangue  
e bágoas moi amargas...  
Os fillos de Galicia  
mortos alí, recraman  
dos celtas fazañosos  
unha exemplar vinganza.  
¡Gallegos, afiade eses coitelos  
para matar canallas!

Á loita dende o ceo  
aos nosos héroes chaman,  
as somas dos Nodales,  
as de Gamboa e Lángara.  
O noso esforzo pide  
a nai, a nobre España;  
o mundo inteiro espera  
do celta outras fazañas...  
¡Gallegos, afiade eses coitelos  
para matar canallas!

Un membro da mesma xeneración de Manuel Lugo Freire, Florencio Vaamonde Lores, preferíu en cambio a contida elegancia formal do soneto e a referencia fría e clásica aos lonxanos héroes do Monte Medulio, en vez da linguaxe áspera e directa que os feitos inspiraron a tantos dos seus contemporáneos. En contraste con el, colocándose nas súas antípodas tanto estética como literariamente, podíamos sinalar ao tipógrafo coruñés, membro da Cova Céltica, Avelino Barbeito Hermosilla, que co seudónimo de “Noé Vila” escribiu algúns dos poemas máis violentos que saíron á luz por aqueles días. Coincidindo coa tensión dramática provocada polo ultimatum norteamericano e facéndose eco dos sentementos populares, publicou na *Revista Gallega* o seguinte poema:

Non; non nos vencerán eses canallas:  
aínda hai en España folgo e vida.  
¿Que teñen moitos barcos? ¿E qué importa?  
Nós temos unha armada pequeniña.  
¿Que teñen os *dollars* por toneladas?  
As arcas do Tesouro están vacías  
na nosa patria amada, e somos pobres,  
aunque é nosa pobreza honrada e digna.  
Mais se non temos nin millós nin barcos  
como os ruís piratas de Yankiria:  
se non témolas arcas ben repletas  
do dourado metal que sona e brila,  
temos en troco un sentimento noble  
que os feitos máis heroicos nos inspira:  
un amor perdurable pola patria  
que amamos máis que a nosa propia vida:  
un valor indomable: moito orgullo:  
as de Europa marcadas simpatías,  
e sobre todo esto, á loita vamos  
enchidos de razón e de xusticia.  
Con tales elementos trunfaremos:  
¿n’habemos de trunfar? Tolo sería  
quen pensara outra cousa. O león hispano  
aos porcos ha vencer en toda a linia.

.....

Dous do maio mañán, ¡e viva España!  
¡Gloria á nosa Marina!  
¿Quén sabe si mañán os nosos barcos  
pensarán festexar tan fausto día

botando a pique algún cruceiro *yankee*  
con cantos porcos teña na barriga?  
Diolo queira e vitorias nos conceda  
xa que a guerra por nós non foi pedida.  
Mais sea como queira ¡adiante España!  
Ou vencer ou morrer, e a disiuntiva.  
Se vences, causarás no mundo asombro:  
se morres, morres de unha morte digna,  
defendendo o teu lar, o teu dereito  
contra os ladrós que chos roubar querían.  
Así morren os pobos que son nobles:  
a vida sin honor non é tal vida.

Foi tal o número de poemas patrióticos que daquela se publicaron, que non faltaron nin as queixas nin as caricaturas sobre dita proliferación. Alguén que se escondía detrás do seudónimo “Gesaleico” queixábase ao respecto na *Revista Gallega*. Decía que non había periódico que non publicara odas, himnos, poesías bélicas nas que non aparecera unha mención aos cores da bandeira española, ás poutas do león ibérico, á aguiña rampante, á tradición imborrable, á radiante historia, á matrona invicta, ao coraxe e á indomable bravura dos soldados españoles, á intrepidez dos marinos, a Agustina de Aragón ou a María Pita, ao 2 de maio de 1808, ás Navas de Tolosa, ao Monte Medulio, a San Marcial, San Quintín, Santiago, Sagunto, Numancia, Zaragoza, Bailén, Arapiles, Lepanto, Trafalgar, Callao, etc.

Pero non foron só os poetas. Tamén os prosistas se sumaron á campaña. Quizáis o máis insistente de todos eles, pero seguramente tamén o menos patrioteiro e retórico, foi o periodista Galo Salinas, que lle dedicou non poucos dos seus “Paliques” a este tema. Ao lado del poderíase situar a “Fernán Minero”, que tamén no periódico da Liga Gallega publicou artigos escritos en galego, como os titulados “Reerguervos” e “A terra dos porcos”, que expresaban en prosa os mesmos sentimentos a que nos vimos referindo hastra aquí.

Nembargantes, o infundado optimismo, probablemente máis aparente que real, que se traduce dos textos que acabamos de citar, empeza a menguar a medida que se van conociendo as noticias do desenvolvemento da guerra. Os periódicos que antes inflamaran a conciencia dos seus lectores coa esperanza dunha solución militar favorable aos intereses españoles, vai deixando caer diante dos seus ollos un baile de cifras pavoroso. Máis de dous mil oficiais e soldados mortos en campaña; perto de nove mil mutilados; trece mil homes mortos a consecuencia da febre amarela, e corenta mil a causa de outras

enfermedades. Como para darlle color á frialdade dos números, nos últimos días de agosto de 1898 chega ao porto da Coruña o vapor *Alicante* con mil homes a bordo, sesenta dos cales pereceran durante o viaxe. Eran os repatriados, moitos deles galegos debido ao porcentaxe que por culpa da clasista institución da “cuota” tivo que pagar o noso país. Enfermos, eivados, camiñando axudados con muletas, antihéroes dunha epopeia sin grandeza, iban pulular polas cidades como a conciencia acusadora dun espertar inagardado. Nun artigo necrolóxico dedicado a Florentino López Cuevillas, Ramón Otero Pedrayo evocará aqueles anos de anguria da súa nenez, na memoria da cal pervivían as imaxes de door dos repatriados ourensáns e a apocalíptica procesión presidida polo bispo e os coengos, todos descalzos, para implorar o perdón de Deus. Sobre esta amarga consecuencia da guerra escribiu Emilio Canda o seu acaramelado e romántico poema “O repatriado”:

I

Ao morré-la lus do día  
ao pé do cruceiro, Rosa,  
no que fora tan dichosa  
chorando a pobre decía:

“¡Ai, meu Dios, qué tristeira é a vida  
da coitada que chora esvaída  
dicha que soñóu!

¡Ai de aquela que morre de amores  
sin meiciña atopar pra os seus doores  
cal morrendo vou!

¡Ilusíós que soñéi algún día  
doces horas de pas e alegría,  
todo se acabóu!

Todo, todo; de tanta ventura  
¡malfadada! na ialma tristura  
sólo me quedóu.

¡Ti que o sabes, ouh santo cruceiro,  
fuches sempre o meu compañeiro  
dende que el marchóu!

Dille, pois, si é que ves a Manuel,  
teña bágoas para quen por el  
tantas derramóu”.

II

Morta de pena, acorada,  
calóuse ¡pobre neniña!  
e a seu carón a aloumiña  
súa nai que está xionllada.

“Ven aos meus brazos, ouh filla querida  
–chorando di a nai–  
acouga no peito a door da ferida  
afoga o teu ¡ai!”

“Non podo, xa é tarde, naiciña da ialma,  
–a filla escramóu–  
non podo coa vida e fóiseme a calma  
desde que el marchóu”.

E un ¡ai! tristeiro, doorido,  
remedo do sufrimento,  
levóu consigo o tormento  
de aquel peito mal ferido.

E aquela nai garimosa  
o seu cabelo arrincaba,  
mentras que amante bicaba  
a fría cara de Rosa.

III

–¿Por qué tanxen, ouh petrucia,  
os sinos da santa igrexa?

–Ben se conoce, señore,  
que non sodes desta terra.

–¡Ai! sonlle, mais xa fai tempo  
que marchéi ben lonxe dela.

–Eso me dirá vostede;  
pois si lonxe n’estivera  
sabería que Rosiña  
era o encanto desta aldea.

Morréu a pobre onte á noite,  
según din, dunha gran pena...  
Mais, ¿qué lle pasa, señor,  
que ten a color da cera?

–O inferno levo na ialma...  
Adios, adios, miña vella.

IV

Dixo e marchóuse Manuel,  
pois era o mesmo, chorando;  
e a vella quedóu ollándoo  
chea de medo, pra el.

Tres meses despóis da chegada do primeiro continxente de repatriados, anunciadores dunha catástrofe inevitable, a derrota prodúcese ao fin. Os barcos de Cervera son fundidos na entrada da badía de Santiago un a un, como blanco dos acorazados americanos, que teñen somentes unha baixa, a cal polo seu carácter (un soldado que se feríu manipulando nun cañón) agranda aínda hastra o ridículo as dimensións da desfeita. Na badía de Manila os barcos de Montojo non correron millor sorte. A reacción que se produce en España conmove os cementos da sociedade da Restauración.

Nos primeiros momentos, os ollos de todos dirixíronse unha vez máis cara os americanos, a quen se lles sigue trasferindo a culpa dos males propios, hastra entón ocultos pola retórica españolista que dende xa antes do conflito viñan alimentando políticos, periodistas e poetas. Un destes, Xavier Valcarce Ocampo, alude ao Tratado de Paz firmado en París co acento entre irónico e ferido da seguinte “Muiñeira con acompañamento de conchas”:

Arriba, rapaces, que a paz está feita,  
xa dis que fai días firmóuse en París,  
e os demos dos *yankis* fixeron colleita  
á conta dos cartos do noso país.

*Chascorraschás*  
puxéronnos bos  
sete perdidos  
e catro ladrós.

Alforxas ó lombo, camiño da terra,  
xa marchan correndo os bos dos larpáns,  
que a conta de bobos fixeron a guerra,  
portándose o mesmo que porcos e cans.

*Chascorraschás*  
fuxide de nós,  
fuxide e o demo  
que vaia con vós.

Por fin terminóuse a fera contenda  
e dis que xa amigos volvemos a ser...

¿Amigos? ¡Un corno, i un raio que os fenda  
si a pouta en España nos volven poñer!

*Chascorraschás*  
fuxide de ahí,  
i o demo dun couce  
que os parta os cadrís.

Correde, que afellas xa debe ter prisa  
por veros as caras o bon Mac Kinley;  
correde, que o demo xa mexa coa risa  
de ver qué bonita puxestes a lei.

*Chascorraschás*  
poñer sebo ós pes,  
que outra como ela  
n'habedes de ter.

Arriba, rapaces, que a loita quimérica  
n'antronte acabóuse, por fin, en París,  
i ahí van sete porcós camiño de América  
cos cartos roubados ó noso país.

*Chascorraschás*  
xa todo acabóu;  
¡por fin xa quedamos  
en gracia de Dios!

Ao longo de todo este poema somentes nun verso se insinúan lixeiramente tamén as propias responsabilidades (“que a conta dos bobos fixeron a guerra”, di o poeta na segunda estrofa), pero dunha maneira tan suave como equívoca. O adxetivo “bobos” ten aquí máis o significado de “infelices” ou de “víctimas inocentes” que de “incapaces”.

O primeiro texto poético, dos que nós coñecemos, onde se fai crítica dos erros que conduciron ao Desastre, débese ao xa citado “Noé Vila”, que o primeiro de xaneiro de 1899 firma un poema dedicado ao ano novo, no que se combinan o antiamericanismo, inevitable xa na abundante literatura que motivaron os acontecementos, coas primeiras censuras dirixidas aos gobernantes españoles. Nel fálase dos “homes que á nación tan mal gobernan”, dos “inútiles impedimentos” que non lle permiten emprender novos camiños, dos “vicios” e as “prácticas” de outra época. Poderíamos dicir que este que lemos a continuación é o primeiro froito literario escrito en galego dun ciclo seguinte, e da literatura rexeneracionista, que tamén tivo entre nós os seus representantes:

Ano de *noventa e nove*  
que a tua vida escomenzas  
dempóis do *noventa e oito*  
que morréu onte: Dios queira  
que seas millor que el,  
que en nada a el te parezas.  
Mentras duróu, ¡pobre España!  
¡cánto loito!, ¡cánta pena!,  
¡cánto baldón!, ¡cánto arroubo!,  
¡cántos orfos!, ¡cánta guerra!...

Sufríu nosa probe patria  
inxusticias tan tremendas,  
despoxos tan criminales  
e tan dolorosas perdas,  
que non sei cómo rexurde  
nin como ten resistencia.

Ano de *noventa e oito*,  
maldito, maldito seas:  
ti serás sempre en España  
de lembranza tristeira,  
e “ano maldito” a Historia  
será o nome que che dea.

E ti, fillo de tal pai,  
que a túa vida escomenzas,  
tamén renego de ti  
e maldito como el seas  
se mentras vivas, de España  
o Via Crucis non cesa;  
se os ladrós siguen roubando  
ás naciós en decadencia:  
se o que fixeron connosco  
os “nobles” fillos de Amérecas  
coa unánime aprobación  
das potencias europeas,  
faino mañán ou pasado  
unha das ditas potencias  
tamén co consentimento  
das súas dinas compañeiras.  
Mais se viñeches á vida  
para ver da nosa terra



a salvación deseada,  
a reposición completa  
dos atropellos sufridos  
con demasiada pacencia:  
se ves para presenciar  
cómo as feridas se cerran  
á probe España causadas  
pola catástrofe horrenda:  
se ves a ispirar ós homes  
que a nación tan mal gobernan  
patrióticos pensamentos,  
santas e nobles ideas  
de salvación de esta pátreia  
chea de loito e de pena:  
se ves a tirar a un lado  
a inútel impedimenta  
que priva que o seu camiño  
unha España nova emprenda,  
libre dos vicios, das trabas  
e as prácticas de outra época:  
se, en fin, no teu reinado  
nova lus nos alumea  
e refórmanse os costumes  
e todos se rexeneran,  
e somos fillos amantes  
–percurando merecela–  
desta nai agarimosa  
que do mundo foi a reina...  
¡Ouh ano *noventa e nove!*  
daquela, da miña léngua  
sólo terás alabanzas  
e cal eu, España enteira  
dirá: “Bendito ano novo,  
bendito, bendito seas”.

Como se ve, a segunda parte deste poema anuncia tímidamente o cambio de clima espiritual. Os culpables non son só MacKinley e os políticos americanos, senón tamén os gobernantes españoles e os que no poema se denominan “vicios” e “práticas” de outras épocas. A crise do sistema canovista non facía senón comezar. A farsa das eleccións, o caciquismo, os partidos parasitarios,

a desconexión entre os políticos e o pobo, aparecen agora tráxicamente ao descuberto no seu significado real, iluminados de repente polo resplandor das chamas dunha guerra inútil e innecesaria. Por todas partes se erguen voces acusadoras. Pídese o castigo dos responsables, esíxese unha modificación profunda da política e os hábitos nacionais, percúranse as causas que conduciron a semellante situación e fanse programas rexeneradores.


As reaccións, como non podía ser menos, alcanzan tamén a Galicia, que se suma así ao coro e ás protestas dos agraviados. A minoría ilustrada, que é a que aquí nos interesa en razón do obxecto do noso estudio, considera a derrota como o resultado dun longo proceso que se iniciara xa no século XVIII, cando definitivamente se afianza unha concepción do Estado centralizador e absorbente, que acadaría no aparato institucional da Restauración o seu modelo máis acabado: España entendida como unha organización dos intereses da oligarquía agraria. Xa había tempo que en Galicia se fora xenerando un movemento de crítica e de protesta contra este sistema, incapaz de atender os intereses das clases medias urbanas e as clases populares campesiñas, convertidas en simples comparsas do poder e obrigadas a manterse nunha marxinação tan humillante e estéril como inxusta. O desencanto e a frustración producidos polo fracaso histórico do esperanzador período aberto en 1868, acabarán confluindo nas primeiras organizacións rexionalistas, que ao chegar a confrontación entre España e os Estados Unidos viñan sometendo a ineficacia do sistema a críticas duras e sistemáticas. En 1889, Alfredo Brañas pide a descentralización dos servizos públicos e a conservación dos fueros rexionais. No ano 1890 fúndase en Santiago, baixo a presidencia de don Manuel Murguía, a Asociación Regionalista Gallega, que inclúe no seu programa, entre outros puntos, os seguintes: reservar a representación parlamentaria de Galicia aos galegos, combatir o caciquismo e pedir unha adecuación dos impostos dacordo coas necesidades e o modo de ser da poboación galega. E en xaneiro de 1898 fúndase, outra vez baixo a presidencia honoraria de Murguía, a Liga Gallega, que terá como fin a defensa dos intereses morales, materiais, políticos, económicos e sociais de Galicia.

Xa vimos cómo todo este movemento rexionalista suspende as súas hostilidades co centralismo ao iniciarse a guerra cos Estados Unidos. Vimos igualmente cómo a baixa conciencia política dos seus membros, incluso os máis calificados, os levou a sumarse con entusiasmo a unha campaña patriótica acrítica, irresponsable e optimista. Unha boa parte dos escritores galegos, sobre todo os poetas, deixaron nos seus versos cumplido e triste testimonio da posición dos rexionalistas perante os acontecementos de 1898.

Como era de supor, unha derrota tan estrepitosa e sobre todo tan inesperada para quen se mostraban de tal xeito incapaces de ver a realidade, produciu unha violenta indignación naqueles que se deixaran levar pola retórica valeira con que dende o poder se inflamaba dun xeito interesado un nacionalismo superficial, valeiro e sin contido. En novembro de 1898, un dos homes máis significados da Liga, Waldo A. Insua ergue a súa voz desencantada e dorida nun artigo que fixa a nova posición do rexionalismo, e do que entresacamos, traducidos ao galego, os párrafos máis relevantes:

As prediccions dos vellos e sinceiros rexionalistas están cumpridas. Xa non é posible ocultar a verdade doorosa e triste. O centralismo ignorante, materialista, despótico, inmoral, concupiscente e enemigo da liberdade individual consumou a súa obra incalificable. A patria, a gran nación española [...] está morta. E morréu ás mans de aquel funesto sistema que, posesionado do Estado, servíuse das súas forzas para corromper tódolos organismos, desmoralizar a tódalas colectividades e envilecer, empobrecéndoas antes, a tódalas clases. En van é negalo. O feito é tan evidente, tan positivo, tan escandaloso e claro que non necesita ser probado. Os autores atópanse convictos e confesos. ¿Compre decir máis? Certamente que non. Pois ben, procedamos agora conforme aos nosos principios, dacordo coa nosa conciencia [...] Acusemos sin medo nin vacilacións ao centralismo: levémolo ao banco dos delincuentes: pidamos para el a pena que debe sufrir e esixamos ao Tribunal da opinión pública que o condene. Salvaremos así da enorme catástrofe, os restos da patria [...] ¿E quen poden levalo a cabo? Os rexionalistas, os que amaron en tódolos intres, sin egoísmos nin interés, o seu fogar, as súas vilas e aldeas, a provincia, a rexión, e ofreceron o seu sangue, ben inútilmente por certo, na última frustrada tentativa de reacción ao poderío. Eles e somentes eles poden acusar. Non poden, non deben perder un día, nin unha hora, nin siquiera un minuto, os rexionalistas. Si se quere rescatar a rexión, pra que dela naza de novo a gran patria, hai que deixar as doce comodidades do fogar. E debe facerse antes que os políticos de profesión, titulándose rexionalistas, implanten o sistema, que xa empezan a preconizar e a ensalzar, e o corrompan como corromperon o que lles serviu para se enriquecer, e facer dun pobo viril e poderoso un pobo de mendiños sin dignidade. Á loita legal, pois; e á loita sin temores nin dúbidas, co corazón decidido e enteiro e os ollos postos en Deus e na *pequena patria*, que sin grandes esforzos acadará o trunfo definitivo e total.

Pouco despóis a Liga Gallega publicará un manifesto no que define a súa política rexionalista e co cal trata de forzar a Silvela para que conceda a Galicia



iguales ventaxas que a Cataluña e ao País Vasco. A partir desde momento, os rexionalistas galegos acentúan as súas críticas contra o centralismo e a súa política corrompida, e predicán para quen quera escoitalos que na súa doutrina está “la salvación –din– de las naciones que conforman el Estado español”. Polo país arreo vai xurdindo unha ola de criticismo rexenerador proxectado cara a esperanza dunha reforma estatal que recolla a rica variedade da pluralidade española. Os desenganados ollos de quen puxeran a súa musa e as súas enerxías ao servicio dunha causa indefendible, vólvense agora cara os patrios eidos, convencidos de que só alí se atopará a salvación.

As asociacións de comerciantes e campesinos reivindicán os seus dereitos e potencian as súas asociacións, os homes con vocación política reclaman atención para os problemas de Galicia e poñen as bases para quebrar o maleficio do sistema electoral, os intelectuales continúan a profundar no feito diferencial galego. A primeira guerra mundial, coa súa famosa teoría das nacionalidades, virá otorgar a esta serie de esforzos dispersos a clave que permita o artellamento doutrinal para a superación da crise. En 1916 fúndanse as Irmandades da Fala. Con elas iníciase unha nova etapa da historia de Galicia.

Son os homes desta xeneración, fillos ou herdeiros do 98, os chamados a pór os alicerces para a edificación da Galicia moderna, os encargados de clarificar o confuso panorama en que, como vimos, se movía o rexionalismo galego. Aquel sentimentalismo que por un lado non renuncia á lingua nas súas manifestacións literarias e que por outro fai compatible o seu rexionalismo coa adhesión falsamente patriótica a unha política belicista destinada a manipular emocións fáciles e canalizar cara o enemigo exterior a xenreira que inspiraba a torpeza do réxime para resolver a cuestión cubana, era a expresión evidente dunha carencia ideolóxica. Tivemos ocasión de comprobalo ao longo deste discurso.

O único de positivo que tivo aquel movemento de exaltación hispana, foi a reacción de desengano que provocou. Pode decirse que a boa fe que inspirou a quen nel participaron e que os empuxou a adoptar un comportamento público de adhesión sin reservas á política gubernamental, convertíuse despois en carraxe contra os responsables de aquela estafa. De ahí coído que nacen as dúas correntes que logo verterán no nacionalismo galego. En primeiro lugar, o rexeneracionismo, que terá no asociacionismo agrario o seu expoñente máis calificado. E en segundo lugar, o escepticismo dos mozos perante a política e retórica partidista, que os leva a canalizar a súa rebeldía xuvenil cara a literatura e o arte. Desas dúas direccións, rexeneracionismo campesiño e rebeldía literaria, que se haberán xuntar, nacéu respectivamente o nacionalismo das

Irmandades e o europeísmo cultural da xeneración Nós. Ámbolos dous, froito da toma de conciencia ou do desengano orixinados no Desastre.

Na nova etapa que entón se abre van desempeñar tamén un papel principal escritores e poetas. Eles serán os encargados de sensibilizar á opinión pública sobre os problemas sociais do país (pensemos, por exemplo, no primeiro Noriega Varela ou en Ramón Cabanillas, duros fustigadores do caciquismo), de dotar a Galicia dunha doutrina nacionalista e de erguer a literatura galega ao rango dunha literatura europea moderna. De dous protagonistas desta obra magna, Ramón Otero Pedrayo e Alfonso R. Castelao, sabemos que foron grandes desenganados –cos desenganos insondables que se producen na infancia– da guerra cos Estados Unidos. Otero Pedrayo dun xeito melancólico: chorando día a día a perda dos barcos españoles. Castelao, alporizadamente, decidindo a morte dun inglés que se burlara da escuadra española, tal como el mesmo nos ten contado no texto literario máis fermoso e importante, verdadeira xoia das nosas letras, que inspiróu o Desastre. Coa súa grata memoria, un pouco para endulzar o amargor dos textos literarios con que abuséi da vosa pacencia (todos eles historicamente importantes, pero sin atractivo literario) quixera rematar estas miñas palabras.

Dixen.



Resposta do excelentísimo señor don  
**Francisco Fernández del Riego**







## Señores Académicos:

Constitúe pra min motivo de especial complacencia o recibir no nome desta Academia ao seu novo numerario, Carlos Casares Mouriño, que hoxe se incorpora con todo merecemento ao seu seo. Pertenece Carlos Casares a unha das xeneracións máis recentes das que andan a traballar arreo nos eidos da cultura galega. Unha xeneración que supón continuismo, pero tamén anovamento da liña revitalizadora das nosas letras.

Non hai dúbida de que os momentos principáis da Literatura galega, desde a época dos primeiros Precusores, teñen concordancia precisa cos respectivos momentos históricos da súa xénesis. Pero representan tamén impulsos sincronizados dun conxunto de homes protagonizadores; ou seña, das correlativas xeneracións. Ao noso ver, a contemporaneidade histórica, a identidade nunha aspiración de tipo colectivo ven ser o que define a unha xeneración. Se non trata, xa que logo, da contemporaneidade persoal, sinón das coincidencias espirituáis dun conxunto de homes capaces de crear un clima de transcendencia social.

En cada xeneración que xurde, loitan os tres tempos fundamentáis da vida social: o pasado, o presente, o futuro. E nela conflúen aptitudes defensivas das cousas vellas e das que adiantan o porvir. As xeneracións son, tamén, fontes fecundantes para a literatura, porque intúen un determinado clima espiritual alentando apetencias anovadoras. Toda xeneración pretende, de certo, descubrir de novo o mundo. Trátase dunha incesante loita de fillos e pais. E, noutante, a traveso desta inacabable liorta, subsisten as velleces. Mais, samente a mocidade de talento, a orixinalidade de boa lei, sálvase da esmagadora tolvaneira do tempo. Así, cando leemos por exemplo a un poeta verdadeiro, cuia orixinalidade e sinceridade o fan eterno, a súa emoción atínguenos sempre.

Neste xogo xeneracional que, desde comezos do pasado século deica agora mesmo, ven consagrándose ao servizo de Galicia, Carlos Casares dános a pauta do seu tempo. Con tal acento chega á Academia en plena mocidade. E

chega a ela representando un manifesto continuismo no esforzo restaurador da cultura galega que, arrincando dos primeiros románticos, exerce hoxe un papel vivo e actuante.

Fillo dun mestre de escola, Carlos Casares nacéu en Ourense no 1941. Cumplidos apenas os tres anos de idade trasladouse á vila de Xinzo de Limia, onde pasou toda a súa nenez. Non ben cumpridos os nove ingresou no Seminario ourensán. Alí, durante un lustro, fixo os estudos eclesiásticos, formándose en Humanidades. Pero a súa vocación ía por outros viros. Abandona así a carreira de crego e retorna á vila limiense. Cursa despois o bachillerato no Instituto de Ourense de Ensino Medio, e máis tarde estuda Filoloxía Románica na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago. Por aquel entón emprincipia a manifestar as súas inquedanzas literarias e obtén un primeiro premio nas Festas Minerváis. Pasado algún tempo, publica na revista *Grial* unha breve escolma de contos que o revela como creador literario, vigoroso e orixinal. Foi mesmamente daquela cando entrou na nosa amizade. Unha amizade que se atensou en días sucesivos, coincidindo nas mesmas leiras de amor ás letras e de entrega ao futuro do noso país.

Non ben rematados os estudos de Románicas, Casares pasa a exercer a docencia no Instituto de Viana do Bolo. Atrancos xurdidos por razóns políticas obríganlo a se desplazar a Bilbao, onde traballa durante un soio curso. Actualmente é Profesor Agregado de Língua e Literatura Española no Instituto de Ensino Medio de Cangas de Morrazo. Sendo xa profesor, casou na eirexa campesiña de Beiro, en terras ourensás, cunha rapaza sueca, que ía ter positiva influencia na súa vida. Ten dous fillos con nomes escandinavos –Hakan e Christine–, e pasa os vrans de cada ano na terra da súa muller, onde escribiu parte dos seus libros.

Inda que non é do caso facer arestora a crítica da súa obra, poisque a nosa encomenda límitase a honralo no nome da Academia, consideramos obrigado destacar algúns dos rasgos máis sobresaíntes da súa personalidade literaria.

Carlos Casares, como antes Mourullo e Méndez Ferrín entre outros, figura na nómina dos encetadores dun novo camiño que todos eles abriron nos eidos da nosa narrativa. Arraizados no cerne das esencias galegas, vencelláronse, noustante, coas correntes foráneas da súa hora. Cando comezan a escribir tiñan vixencia aínda as grandes fogueiras lumiosas que comportan as obras de Joyce, Proust e Kafka. Nomes, todos tres, que han quedar na historia da literatura universal como os pilares orixináis dunha nova conceición literaria. Co andar dos anos, multiplicáronse nunha constelación, cuio reflexo alumou a

producción dun grupo de escritores franceses mozos. A crítica internacional, un algo desprevida, catalogou os produtos artísticos destes escritores dándolles diferentes títulos: Literatura ouxetiva, Antirrealismo, Antinovela, Nova novela, etc.

Nos anos inmediatamente anteriores á aparición de Casares no mundo narrativo galego, xa tivera eco na creación dalgúns dos nosos escritores mozos, a técnica –e tamén o fondo– daqueles novos escritores franceses. Noustante, o influxo foi esmorecendo. De todos xeitos, a tónica revulsionadora que apuntaba cara horizontes non albiscados entre nós, mantívose vixente. Tencionábase anovar a narrativa galega, depurándoa do seu carácter costumbrista e localista, pra lle conferir meirande amplitude e resonancia. Nesta narración –da que Casares tamén é partícipe– o home xa non aparece dominado polo medio xeográfico. Agora anda a vivir as inquedanzas derivadas da multitude de cambios ocorridos no seu ambiente físico e cultural. O desenvolvemento de asuntos novos –unido a unha conceición do home como unha totalidade dinámica– conducía ao emprego doutros procedementos. Procedementos técnicos e estruturais axeitados pra presentar ao home, simultaneamente, na súa experiencia inmediata, na súa historia persoal e nas súas vivencias presentes. A consecuencia foi o relato desenvolto a traveso da superposición de planos móbiles, no tempo e no espacio, e o xurdimento da narrativa experimental.

Leendo os libros de Casares, decatámonos da percusión que nel tiveron as experiencias foráneas. Pero, tamén, do acento persoalísimo que os distingue, e do seu arraizamento na vida popular galega. Hai no xeito de narrar casariano, en calquer caso, unha descrición poéticamente conseguida que abrangue a realidade e a fantasía, o vivinte e o soñado. O seu revisionismo literario trai unha conceición distinta do persoaxe, a anécdota, e, por conseguinte, do espacio e o tempo. Tencionando ser o eco da nova realidade na que vivimos, crea unha nova linguaxe, unha nova técnica, un novo estilo e unha nova estrutura pra se enfrontar coas novas necesidades.

O labor narrativo de Carlos Casares encetouse con *Vento ferido*, publicado o ano 1967. Algúns dos contos que figuran no libro –“Cando cheguen as chuvias”, “Monólogo”, “Agarda longa ó sol”– apareceran xa no número 7 da revista *Grial*, dous anos antes. Relátanos neles o acontecer da vida, non soio como o autor a contempla, sinón como a percibe. O material narrativo, moi ricaz, ven definido por un estilo cheo de gracia que lle suxire unha axilidade sin desmaio. Por elo o goce da súa lectura provén en tanta medida do xeito de narrar os sucesos, como dos sucesos en sí.

En *Cambio en tres*, dado ao prelo pouco despois, Casares vai traducindo as reflexións críticas dun mozo encol das vivencias da súa infancia. O Lisardo, O Cascón, O Cachorro, e mesmo a mosca apresada na tea de araña, ou a mosca-pai e a mosca-víctima, atinxen no relato un protagonismo cheo de viva singularidade. Na narración fai gala o autor de axilidade e imaxinación; e, ao propio tempo, conta nun idioma moi expresivo, apoiándose nunha técnica variada e particular.

Un algo máis tarde da aparición deste libro, Casares estrénase na literatura infantil, un xénero case inédito no ámbito da lingua galega. Revela as súas dotes de feitío orixinal, tamén neste mester, coa publicación dun fermoso conto que tidúa *A Galiña azul*. Nun marco tan sinxelo como tan de nós, decorre o brevísimo relato, cheo de aquecemento e simpatía, que o autor escribiu pensando nos nenos do seu país. Os persoaxes que nel figuran –o Leoncio, o alcalde Manolito Listón, e sobre todo a galiña, orixe e nó do conto– teñen un especial feitizo. O autor dí a súa pequena historia con poética sinxeleza; a sinxeleza propia de quen estudou e observou de vagariño a forma de falar e de se mover dos nenos, e os seus intereses e reaccións fronte aos feitos que se lle presentan.

Este libriño, o mesmo que a sucinta peza teatral *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* –escena infantil tamén– reflexan a orixinal capacidade creadora de Casares. Trátase de textos cheos de gracia, ternura e simpatía. Os diálogos, tanto os narrativos como os escénicos, son diálogos vivos e movidos, e a acción –calificada sempre polo seu sinxelismo– é rápida e lizgaira.

Pero o aporte casariano á literatura galega infantil, non remata aquí. Compre anotar, asemade, a versión que fixo ao noso idioma do conto de Saint-Exupery, co título de *O Principiño*. A tradución é importante, porque o tradutor conviviu, identificouse co creador; ven ser así, como si dixéramos, o seu recreador. E eso, porque Casares posee, de certo, unha forte podencia poética. Traducir non significa, en caso algún, imitanza pedante; é atopar a forma interior do idioma do autor traducido. Despois hai que envolver esa forma psíquica con carne, hoso e sangue do tradutor. Trátase, sinxela e dificilmente, dun diálogo no cal ún escoita, e o outro –o autor– fala. Compre identificarse de cheo, e tal foi o que fixo Casares con Saint-Exupery, ao verquer ao galego *Le petit prince*.

A mostra derradeira, deica agora, do talento narrativo de Carlos Casares, déunola na súa novela *Xoguetes pra un tempo prohibido*. Conta nela a historia dun neno que non tarda en deixar de ser neno. Xa nas aulas universitarias, anda a se facer mozo. No decorrer dos días, o protagonista vai adequirindo unha experiencia conformada por unha chea de condicionamentos. Bate así

coa política, co amor, cos remorsos, coas dúbidas... César Gascón –que xa aparecera con outro acento en *Cambio en tres*– convírtese en centro do relato, a traveso das tres fases da súa vida. Inda que valéndose dunha técnica anovadora, o autor noveliza dun xeito liñal. Fala en segunda persoa, e aproveita as lembranzas colectivas, xeneracionáis e definidoras dun tempo concreto, pra situar cronolóxicamente a narración. Non nomea moito a realidade galega –según el mesmo dí– porque na Universidade daquel entón tampouco se nomeaba moito esa realidade. Todo ao longo da novela mantense unha disciplinada intensidade. Tamén unha evidente preocupación pola linguaxe como vehículo de comunicación, e, asemade, como instrumento de expresión artística. A austeridade no decir, un fino sentido do humor, unha contida gracia poética, a craridade e a capacidade de creación, constitúen outras tantas notas distintivas de *Xoguetes pra un tempo prohibido*.

Nesta novela Casares confirma a súa maestría no arte de narrar. A prosa, tinxida de humor e ternura, e nalgunha ocasión de ridículo e desesperanza, axéitase na trama pra soster, como outro interés, o dinamismo do relato. Habería que engadir aínda os análisis psicolóxicos e o análisis dos estados de alma, que o autor presenta nun estilo nidio e preciso. Sotil por natureza, o pulo lírico no que aparecen envoltos os sentimentos e emocións, ven ser outra das características que a novela ofrece.

Fora do seu labor como creador literario, Carlos Casares significouse tamén con inequívoca persoalidade nos eidos da crítica e máis do ensaio. Unha mostra de tal mester ofreceuna na edición de *Aires da miña terra*, de Curros Enríquez. Na introdución que lle puxo, sitúa ao poeta no seu tempo, estuda os aspectos lingüísticos dos poemas, ocúpase dos seus traballos periodísticos, da autopoética e dalgunhas traducións. E, ao cabo, realiza unha fixación coidadosa, en certo modo definitiva, da obra de Curros.

Outra aportación interesante no particular é o libro *Vida e obra de Otero Pedrayo* –aínda inédito–, que obtivo o Premio Otero Pedrayo 1977, instituído polas catro Diputacións galegas. Pra Casares, a obra do escritor de Trasalba califícase non soio polo seu valor literario sinón tamén pola súa condición científica. Destaca as súas aportacións no campo da Xeografía, ao mesmo tempo que no ensaio e nos artigos innumerables. Literariamente, considérao como creador da moderna prosa galega e como o meirande novelista da nosa literatura. Afirmar, asemade, que merece ocupar un lugar na literatura europea, porque, despois de Rosalía, é o máis alto representante das letras no noso idioma.

Actualmente, Carlos Casares anda a traballar na súa tesis doutoral *A Xeneración “Nós”*, e colabora habitualmente en *La Voz de Galicia*, cunha sección tiduada “A ledicia de lér”. Fai nela a crítica semanal de tódolos libros galegos que van aparecendo no noso horizonte editorial. Pero se non limita a glosar o contido das novidades que se incorporan ao noso acervo bibliográfico. Apunta tamén aos camiños percorridos e aos que hai que percorrer. Así, fala unhas veces de que compre ir limpando o idioma das chinas que aínda o lixan, sobre todo na súa sintaxis, tan brutalmente atacada polo galego urbano. Refírese, noutras, á poesía medieval galego-portuguesa ou ao ossianismo pondaliano. Escribe sobre *O porco de pé*, de Vicente Risco, destacando as condicións que convirten á novela nunha fiestra ideal pra se iniciar na contemplación dunha literatura que comeza a espertar unha louvable curiosidade alén das nosas fronteiras lingüísticas. Ocupase, en fin, da bancarrota da poesía lírica galega dos anos sesenta, porque a maioría dos lectores despreciábaa acusándoa de se desentender dos problemas sociais e políticos; e, como consecuencia, ascendía na súa estimanza a poesía entendida como arma de loita, ou como instrumento pra transformar o mundo.

Velahí trazada a grandes rasgos a persoalidade literaria do noso novo compañeiro. Agora, como é protocolario, ímonos referir, tamén sucintamente, ao discurso que lle temos ouvido leer, no que se ocupou do *Desastre de 1898 e os escritores galegos*.

Na revista dos homes que reflexaron nos seus escritos a repercusión que tivo en Galicia aquel desastre, Carlos Casares fixo un interesante labor de pesquisa. Cacheando nas publicacións da época, localizou mostras reveladoras do eco que atinxiu o acontecemento nos medios intelectuais do país. Arrincando do momento no que se produciu a rebelión colonial, refírese aos vencellos que daquela existían entre Galicia e Cuba. A illa antillana viña sendo desde había anos un lugar de destino de moitos emigrantes galegos. E por ser así, unha boa parte deles viviron moi de perto o dramatismo dos sucesos. Pero, ademais do ambiente popular no que se reflexaron os feitos, Casares presta unha especial atención aos testemuños literarios de varios escritores, que, no verso ou no artigo, deron fe da situación histórica.

Enceta a súa evocación, e así tiña que ser, fixando a postura de Curros Enríquez, conocedor directo do problema. Os textos que del recollen evidencian a craridade da súa actitude en relación coa situación cubana. Tamén de Pondal, localizou Casares un soneto adicado a Weyler, inspirado nos feitos dos que aquél foi protagonista na época. E, asemade, un poema que Lugrís Freire, emigrante en Cuba, firmou alí co título de “A loitar”, o 28 de abril do 1898.

Ademáis destes conocidos poetas, e doutros máis escuros, ocúpase o novo académico dos prosistas e dos periódicos que rexistraron os sucesos e se sumaron á campaña emprendida naquel entón; entre eles, destaca Galo Salinas que lle adicou ao tema moitos dos seus “Paliques”. A traveso dos textos, recollidos nunha demorada percura, Casares amostrounos no seu discurso cal fora a postura dos escritores galegos fronte aos acontecementos. E, na transcripción dos seus versos e dos seus artigos, ofreceunos un comprido e triste testemuño da posición que adoptaron con ocasión do grave problema histórico.

Despóis de se producir a derrota que liquidou os derradeiros restos do imperio colonial, o rexionalismo galego e os seus persoeiros revisaron as súas posturas. Casares resalta a acentuación das críticas ao centralismo e á política corrompida que o centralismo representaba. Concreta, neste particular, a liña ideolóxica seguida pola Liga Gallega, e a que, máis serodiamente, había continuar o movemento das Irmandades da Fala. En todo caso, o noso novo compañeiro, non tencionou compilar ou escolmar textos de valor literario ou estético. Limitouse a recoller –pois ese era o seu propósito– documentos de valor histórico e testemuñal, que nos informan moi craramente do pensar e do sentir dalgúns dos escritores galegos daquel entón.

Eis, ao cabo, a panorámica dunha etapa histórica que foi desafiando ante os vosos ouvidos, evocada pola palabra precisa de Carlos Casares. Un home, éste, mozo aínda, que forma parte dunha xeneración continuadora da que fundou Galaxia. El, coma nós, sabe moi ben que se non debe abandonar a urdime telúrica que inspirou ás xeneracións devanceiras; e, ao mesmo tempo, que non hai que deixar de mirar ao horizonte universal como unha meta dos nosos ideais. Casares, na súa obra literaria e na súa actitude humana, ten adicado os seus mellores esforzos ao noso pequeno orbe galego, porque se concienciou de que nel se conteñen tódalas circunstancias que integran o noso ser e o noso canto.

Ao recibir hoxe na Academia, ao gran amigo e ao gran escritor, sentímonos emocionadamente sabedores de que, coa súa incorporación ás tarefas comúns, sumamos unha aportación viva e anovadora ao mundo da cultura galega.





## Índice

DISCURSO SO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON CARLOS CASARES MOURIÑO	7
RESPOSTA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO	33





**Real Academia Galega**

Rúa Tabernas, 11

15001 A Coruña

Tlf. 981 207 308

Fax 981 216 467

[secretaria@realacademiagalega.org](mailto:secretaria@realacademiagalega.org)

[www.academia.gal](http://www.academia.gal)



**REAL ACADEMIA GALEGA**

